



Concello de Boiro

EXPEDIENTE 99/2020

Tipo procedemento: Selección de Persoal.

Denominación: Suspensión proceso selectivo AUXILIARES POLICÍA LOCAL.

Por resolución de alcaldía de data 10/02/2020 aprobáronse as bases reguladoras do proceso selectivo para a contratación de 7 auxiliares de policía local (persoal laboral temporal) durante 6 meses ó longo do exercicio 2020

O 13/03/2020 publicouse o listado definitivo de admitidos e excluídos á oposición donde se facía constar a convocatoria para todos os aspirantes para o mércores 18/03/2020 ás 09.30 horas no Campo da Alta na Pobra do Caramiñal para a comprobación da estatura e a realización das probas de aptitude física. A continuación se realizaría a proba de coñecementos na Casa da Cultura Ramón Martínez López de Boiro.

As resolucións de 12 de marzo de 2020, e 13 de marzo de 2020 da Secretaría Xeneral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e xustiza, regula unha serie de medidas preventivas adoptadas en materia de saúde pública na Comunidade Autónoma de Galicia, como consecuencia da evolución da epidemia do coronavirus COVID-19.

En consonancia co anteriormente exposto,

RESOLVO:

Primeiro.- Suspender polo tempo imprescindible o proceso selectivo de auxiliares de policía local do Concello de Boiro e por un periodo mínimo de 15 días.

A convocatoria para as probas de selección publicarase cunha antelación mínima de 3 días a través do taboleiro de anuncios do Casa Consistorial do Concello de Boiro, así como na súa páxina web www.boiro.org.

Segundo.- Facer pública, mediante a súa inserción no Taboleiro de Anuncios da Casa do Concello, así como na súa páxina web, a presente resolución ós efectos oportunos e para o coñecemento de todos os candidatos.

Terceiro.- Notificar a presente resolución ós membros do Tribunal de Selección e dar conta ó Pleno na primeira sesión ordinaria que se convoque.

Cuarto.- Dar conta da presente resolución ó pleno da corporación na vindeira sesión que este realice.

Boiro, na data que figura ó marxe, na sinatura dixital.

O alcalde, J. Ramón Romero García

A secretaria accidental, M^a Carmen Santiago Hermo.

Concello de Boiro

Praza de Galicia, s/n, Boiro. 15930 (A Coruña). Tfno. 981844800. Fax: 981844008



Cod. Validación: 37YW0325N5PQAX5LDEYEAEGWQY | Corrección: <https://boiro.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 1